



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP Emilia Pardo Bazán

Travesía Los Rosales, s/n

15011 – A CORUÑA

Tfno. / Fax: 981 276 781

Web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipemiliapardobazancoruna/>

Revista electrónica: <http://ejournal.eduprojects.net/CEIPpardobazan/>

Correo electrónico: ceip.emilia.pardo.corunha@edu.xunta.es

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE PAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 19 de setembro de 2022, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 30 de setembro de 2022), a XUNTA ELECTORAL deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, SECTOR DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO, segundo as seguintes normas:

1.- De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a 2 pais/nais, dun total de 5 que debe ter o Consello Escolar. Un pai/nai será nomeado pola ANPA do colexio. Os outro 2 representantes de pais continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2021.

2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no centro e incluídos no censo correspondente que a partir do día da data está exposto na secretaría do centro. As reclamacións ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 11 de novembro.

3.- Son elixible os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do colexio. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14:00 horas do citado día 11 de novembro.

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais que non se presenten como candidatos, o día 14 de novembro ás 11:00 horas. Dita mesa electoral estará composta pola Dirección do centro, que exercerá a presidencia e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o 12 ao 26 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición á Presidenta da xunta electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do colexio. O día 27 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.

7.- As votacións realizaranse neste colexio público o día 28 de novembro de 17:00 a 20:00 horas. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 16:45 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo de UN nome dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade á hora de votar, mediante exhibición do D.N.I ou documento similar. O voto será directo, segredo e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito a voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal do alumnado.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos que será público e, unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío á Xunta Electoral do centro.

11.- A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.



A Coruña, 2 de novembro de 2022

A DIRECTORA E PRÉSIDENTA DA XUNTA ELECTORAL

Asdo. M^o Aurora Candal Miranda